



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DE CONTAS E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA A FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE INTEGRIDADE E COMPORTAMENTO ÉTICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional formalizou co Consello de Contas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos contados a partir da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto fixar un marco de colaboración institucional entre as institucións asinantes coa finalidade de concienciar e sensibilizar a poboación en idade escolar na cultura da integridade e o comportamento e os valores éticos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta na importancia do fortalecemento da educación en valores éticos e a necesidade de formar ao alumnado en materia de integridade e prevención da corrupción, favorecendo o desenvolvemento das competencias clave relacionadas coa cidadanía activa e responsable, así como o fortalecemento dos valores democráticos europeos, tal e como se pon de manifesto no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato,





na Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúen este tipo de coñecementos como elemento curricular.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

(asinado dixitalmente)

